



Mulleres curas Faise visible o que -debería- ser normal

A foto que fala

Cortesía dun irimego.



O trasno Por seres muller

Daniel López Muñoz



Ben. A cousa é de película, de *Código da Vinci 5*.

Se alguén estivese dirixindo o suicidio institucional na Igrexa, desde dentro, desde dentrísimo, a teima de impedir que as mulleres poidan desenvolver o papel de animadoras da comunidade, de “cura de almas”; o servizo (ministerio) de *partir o pan* e a Palabra arredor da mesa compartida... esa prohibición sería un golpe decisivo.

No noso contexto, a Igrexa, en relación coa sociedade, foise facendo nos últimos corenta anos máis impermeable e incomprendible. A xente nova e a cultura actual non saben de que vai. Vista desde fóra, desde a distancia, desde a indiferenza, resulta estraña.

Facela incomprendible é a estratexia do comando suicida. E vanse poñendo fitos de incomprendibilidade, para distanciarse. E teñen éxito. Moito. Habería que advertir a Francisco.

Ás veces esa aposta pola incomprendibilidade roza a parodia. Vendo por unha banda a “demografía dos cegos”, a súa idade media, a taxa de mortalidade e morbilidade; analizando, pola outra, o resultado histórico do monopolio masculino do curato, abusos, semiabusos e cuasi-abusos sexuais, por suposto, incluídos, diríase que, igual, se cadra, oes, nalgún momento, alguén debería facer algo.

Pero non. É a coñecida *falacia do campaneiro*: calquera posición reiterada moitas veces, adquire verosimili-

tude, con independencia de que sexa verdadeira ou falsa. Para o mundo occidental a igualdade radical da muller e o home como persoas capaces de todo, é un avance irrenunciable. Un avance de humanidade e de salvación.

Canto máis tempo se manteña a falacia do “homes só”, máis se afondará na distancia, na incomprendibilidade e no ridículo. E serán menos os que se comprometan coa institución incomprendible.

E xa son ben poucos, rariños. Por iso que se una muller como Christina Moreira, quere facer ese servizo, con sensibilidade, con rigor, con agarramento...e se ten una comunidade que llo reclama e agradece, quen será o xerarca suicida que llo impida?

Ao final é o enguedello ese da famosa frase. Sonche coma limas xordas! A ver escribide cen veces: versión inclusiva “quen non está contra min, está comigo”; versión sectaria: “quen non está comigo está contra min.

Editorial Europa reacciona?

A de Holanda era unha proba a superar na loita contra o fascismo emerxente por Europa. Unha Europa que se enfronta aos seus peores fantasmas. E en Holanda as forzas do demagogo Geert Wilders, sufriron un importante golpe en relación coas expectativas que lle outorgaban as sondaxes.

Wilders prometera pechar mesquitas, sacar a Holanda da Unión Europea e prohibir o Corán. Representaba o discurso fácil e xenófobo antiemigración. Representaba esa combinación explosiva de racismo e de populismo económico: solucións fáciles e viscerais para problemas complexos.

Pero houbo unha reacción das bases, organizada por internet, e máis de vinte mil persoas manifestáronse durante a campaña, reivindicando e celebrando a longa historia de apertura e tolerancia dos Países Baixos.

Non pode facerse unha Europa sen fibra moral, incapaz de acollida para os que foxen dunha guerra como a de Siria

Con todo, os resultados de Wilders son bos, comparados coas últimas eleccións. E, ademais, está pendente, no horizonte o proceso electoral en Francia, e tamén en Alemaña.

O caso é que a ameaza da disgregación da idea europeísta está vindo da extrema dereita, pero causada, paradoxalmente,

por problemas de carácter social, por construír unha Europa que se parece á Europa dos mercaderes que sempre foi criticada pola esquerda.

Todo o que está pasando, Brexit e Trump incluídos, debería facer reflexionar seriamente aos líderes europeos. Non se pode pedir ilusión a un proxecto que non ilusiona nin social nin moralmente. Non se pode construír unha economía sen fronteiras na que se agraven as diferenzas e as desigualdades entre clases e territorios. Non pode facerse unha Europa na que flúan os capitais e os negocios bancarios pero non poida fluír o persoal. Tampouco unha Europa insolidaria, sen fibra moral, incapaz de ser fiel aos seus valores fundacionais e ser terra de acollida e de dereitos humanos para os que foxen dunha guerra como a de Siria.

O triunfo sobre o fascismo ten que labrarse nun novo gran pacto social Europeo. É tempo de reaccionar.

Rumores de esperanza

Xan Guillén

Fixen unha actividade sinxela de clase que consistía en que os raparigos fixesen unha entrevista. Con iso de fomentar a creatividade, as novas tecnoloxías e todo iso que din que convén facer nas aulas díxenlles que o ideal era que esa entrevista a gravasen en vídeo. Fixérono sen problemas. Esta rapazada nace cos aparellos electrónicos metidos no cerebro. O curioso é a de entrevistas xeitosas que ofreceron. A compañeiras que fan deportes minoritarios e escapan correndo dos outros. De persoas moi implicadas en voluntariado. De profesorado que aporta algo diferente nas súas aulas... Unha chea de boa xente. Creatividade e bo facer por parte do alumnado.

Quedo cunha que me gustou especialmente. Era con alguén da fundación Andrea. Unha fundación que trata de dar acollida e solucionar os problemas das familias que chegan aos hospitais cos fillos e fillas con enfermidades graves. Pasan moitas horas e moitos días no hospital con cheos de medos e incertezas e alí están eles para botar unha man. Para ofrecerlles casiñas onde os papás e as mamás poidan durmir. Ofrecerlles asesoramento en todo momento, axudas económicas e incluso humanizar o hospital na sección de pediatría para que sexa un fogar de nenos e nenas.



Que bo papel o que fai esta fundación. Dende logo que verse na situación de ter un fillo no hospital por unha enfermidade dura debe ser moi desesperanzador. Pero aí están eles e elas, para facer ver que no medio da dor tamén hai rumores de esperanza.

1



3



2



4



A peneira

1

O 22, en Ferrol, varias asociacións culturais van entregar o Premio Nacional **GALIZA CULTURA** a Paco Rodríguez polos seus 50 anos ao servizo da nosa cultura fornecéndonos de institucións ao servizo do pobo e dándonos a coñecer o noso patrimonio dende o maior rigor científico.

2

O 1 é o Día das Artes Galegas ,dedicado a **MARUXA MALLO**, a pintora de Viveiro exiliada na Arxentina. Denunciou a desfeita do golpe de estado. Na República colaborou con Miguel Hernández, Alberti e outros defendendo a liberdade e o compromiso das artes coa xustiza e igualdade.

3

Dende o 31, recrearémonos nos murais de Urbano **LUGRÍS**, coma esta vista de "A Coruña 1669" n' Afundación da Coruña, algúns rescatados de paredes de establecementos. Son "as paredes soñadas" dos nosos mares coma as que pintou para as confrarías de Pontedeume ou Malpica.

4

A primavera vístese coas **CERDEIRAS** en Ribas de Sil, nunha Quiroga que comparte espazos coas oliveiras e nas ribeiras do Miño. En Chantada a Asociación Arpa transforma e comercializa as cereixas, sen esquecermos outras paisaxes coma Beade en Vigo ou O Courel.

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

No día da concienciación sobre o **AUTISMO**, o 2, entramos no blog "O son da herba ao medrar", web de libros que a navarra Anabel Cornago acaba de presentar en Lugo. Ela é nai dun neno con afección autista e a web é un xeito de sensibilizarnos para non discriminalos no seu desenvolvemento na sociedade.

6

Lemos "O Cristo destes tempos" de Ramón Cabanillas, vivenciando o **VÍA CRUCIS** das e dos labregos, que aínda non atoparon a redención da opresión, arestora do capitalismo salvaxe que chupa a súa suor e envelena a nosa alimentación

7

Continúan as feiras do viño na Ribeira Sacra coa de **AMANDI**. Esta D.O. vende máis entre nós, mentres a das Rias Baixas é a que máis exporta fóra. O Ribeiro exporta o 10% (un millón de botellas máis ca o ano anterior). O Monterrei un 13% e o godello de Valdeorras acada o 16%.

8

O alcalde da Coruña convocou no Obelisco unha asemblea para denunciar a marxinación da **MULLER**, no día no que se estreou o filme sobre Juana de Vega de Zaza Ceballos, un exemplo de loita polas labregas/os, presos, marxinados... A derradeira teima foi abrir unha granxa escola.

Muller Día Internacional da Muller traballadora

Anuncio Maroño



Nese día de loita e reivindicación dos dereitos da muller, dicir da “muller” é tanto como dicir da humanidade, ou polo menos, case, pois a muller é nai, filla, esposa, *alma e matría* indispensable desta sociedade da que ela é principal forxadora.

O pasado 8 de marzo deste 2017 cumpriuse o cento seis aniversario do incendio da fábrica de camisas Triangle Shirtwist, de Nova York, onde morreron máis de 140 mozas traballadoras, na súa meirande parte emigrantes, por reclamaren unhas condicións dignas e xustas. Para nosoutas, mulleres e homes, será esa xesta, por sempre, un berro de rebeldía, recordándonos que a loita continúa. Así o acreditáron, nese mesmo ano de 1911, en Alemaña, Austria, Dinamarca e Suíza, ao saír manifestándose polas rúas o vinte e tantos do mes de marzo.

Mais os meus pensamentos no pasado 8 de marzo, sen esquecer todo o movemento internacional e as orixes desta celebración, andaban ollando no máis próximo, nas mulleres que dignificaron esta patria chamada Ga-

licia; entre esas grandes, que abofé son dignas de admirar, están Exeria, Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán, Concepción Arenal, Juana de Vega (canto me gustaría poder chamala Xoana da Veiga)...., e así, lexión, centos... Mais a miña particular homenaxe quérollela facer a esas mulleres das que ninguén se acorda, elas non aparecen nas enciclopedias, nin se atopan as súas biografías en google, internet nin nada parecido, son mulleres anónimas. O pensamento que me remoe os sesos neste intre está nas lavandeiras do Sarela e do Sar, de Picaños e de todos os ríos e lavadoiros da Galicia.


Por algunha razón da sen-razón, levo uns días a matinar na imaxe que teño de cando neno-mozo, vendo tantas mulleres de xeonllos, nas beiras do río Sar, ou de pé no lavadoiro de Picaños. Eran as mulleres cuxo oficio as converte en lavandeiras; aterecidas de frío, aturando a xeada, sempre molladas, sempre con présas, sempre cargadas con cestas ou bañeiras á cabeza, carretando a roupa sucia da casa dos “señores do pueblo” ao río Sar. Canto traballo baixo todas as inclemencias do tempo, para achegar unhas pesetas á economía familiar. Claro que ademais do mísero salario, tamén achegaban a *lavadura*, as sobras das mesas farturentas dos “señores”, con que se axudaba a criar o porquiño e unhas galiñas; en ocasións, tamén

traían as varreduras, que se botaban no cortello do cocho ou na horta.

Para esas mulleres o meu recordo emocionado, que con vosoutas/os quero participalo, elas que fixeron do Sarela e o Sar, e de tantos ríos de Galicia, ríos vivos e ecolóxicos, pois con esmero os mimaban e coidaban, co seu traballo, co seu lavar, co balbordo das súas conversas, e cando se daba a ocasión, tamén as súas cantigas. Canta fatiga daba a roupa dos “señores” e dos hoteis ou pensións, imaxinades



os longos invernos da nosa Galicia? Como se podería pór a roupa a clarexar? Secala para despois pasarlle o ferro en días de choiva, que nunca escampaba, lavar e lavar, e carretala á súa casa do *pueblo*, sen que se molle, non importa mollarse unha, pero non a roupa dos “señores”. Para elas, as ignoradas pola sociedade, das que ninguén se lembra, elas que ademais de lavandeiras eran nais e esposas: **gratidade e recoñecemento.**





O peto común Cinco horas para nós e os nosos

Josecho de la Torre

Se atendemos ao que deberíamos durmir, oito horas son de descanso. Por tanto, temos dezaseis horas de "día" por diante. Se lles restamos a media do horario laboral, dispoñemos de oito para todo o demais. Contando que "perdemos" unha hora en ir e vir do traballo e empregamos dúas para facer a compra, comidas e comer (moi importantes, por certo), quedáanos CINCO HORAS máis ou menos para NÓS e os NOSOS, PARA DECIDIR que facer co NOSO TEMPO.

Recordo con admiración a charla de Xulio César Iglesias Blanco sobre o tempo de ocio na infancia e na mocidade, aquilo de que antes un aprendía a tocar un instrumento por iniciativa propia e agora é unha obriga, como outras moitas actividades ou extraescolares nas que o protagonista non sempre elixe. Dito doutro modo, aquilo que era lecer hoxe deixa de selo, pero ocupando o seu tempo; tempo, por certo, irrecuperable.

Caemos na idea de que a cantas máis cousas levemente aos nenos mellores serán e perdemos a ansia por facer aquilo que realmente apetece. O ocio, esa necesidade natural, estámolo convertendo nunha *viacrucis* de academia en local, pasando por pavillóns, ata que o día pecha.

Polo medio, nais e pais, irmáns maiores, tíos ou demais familia facendo viaxes para levalos de actividade en actividade, mesmo afastadas da contorna familiar. Iso que nacera para previr que os rapaces caesen nun tempo malgastado polo barrio con malas consecuencias, colocámo-lo noutro extremo diferente para "afogarnos".

Moitos dos rapaces que coñezo pasan as tardes indo a clases: deportivas, musicais e inglés. É moi bo facer deporte, tocar un instrumento e coñecer linguas. Niso penso



que estamos de acordo a maior parte, pero moito mellor aínda é dispoñer dun espazo ao día para estar coa familia, sempre que poida ser posible, a cal ademais, pode ser a mellor fonte para adquirir a esencia da música, do deporte e da lingua, por poñer algúns exemplos. A efectos prácticos, saír en bicicleta con papá, tocar a fruta con mamá ou poñerse a aprender unha lingua todos xuntos pode traer beneficios; se hai irmáns, aínda mellor e non hai que esquecer os avós, que lonxe de deixalos a un lado ou pedirlle momentos de custodia, tamén podémolos facer partícipes do proceso formativo, en cada un temos unha fonte única de coñecemento.

Temos que acabar coas extraescolares? Non, pero deben recuperar a idea de complemento, perfeccionando a cada rapaz nunha materia a medio ou longo prazo, pero sempre e cando non absorban o tempo todo, respecten o espazo familiar e sexa do gusto e elección compartida. Se nesas cinco horas lográsemos polo menos a metade para estarmos xuntos, libres de horarios e aparatos, sen actividades deseñadas e facendo o que nos apeteza, se simplemente tivéssemos tempo para paralo ou, como apuntaba Maria Montessori, se deixásemos "actuar sós" aos nenos e nenas, poderíamos sentir o que realmente é o tempo libre. O que vivan na infancia poderán transmitirlo de adultos; o que non se vive xa non se pode transmitir.

O CARRABOXO por ROBE LOIS



Xaquín Campo Freire



Alfredo Losada Suárez, Fredi, é avogado en exercicio, Máster en dereito de protección de datos de carácter persoal, asunto sobre o que impartiu cursos e relatorios (“protección de datos e redes sociais”). Persoa activa no eido da economía social, dirixe o departamento xurídico de Itaca Software Libre e involúcrase como socio ou voluntario en causas e cousas que nos resultan ben coñecidas, como Fiare Banca Ética, Zocamiñoca (cooperativa de consumo responsable), Son Relanzo e AGAIS (Asociación galega por un acompañamento para a inclusión social). É delegado de Apostolado Segrar na diocese de Lugo.

Os menores son algo preocupante e de grande sufrimento para moitos. A Pastoral Penitenciaria tenche encomendado un estudo sobre a problemática dos menores na Galiza e nos Centros que se dedican a eles. Que abrangue esa tarefa?

Cómpre facer unha distinción de primeiras: hai unha serie de entidades públicas e privadas que xestionan “centros” onde hai menores de idade que fan vida habitual alí por distintos motivos: abandono, desprotección, imposibilidade dos familiares para atendelos, orfandade, maltrato e violencia familiar, menores estranxeiros non acompañados (“menas”), resolución xudicial, etc. A pastoral penitenciaria quere atender aqueles rapaces e rapazas aos que un xulgado especializado (xulgado de menores) impuxo a medida cautelar de internamento ou condenou en sentenza firme á medida de internamento nun centro. Sendo a administración competente a autonómica, os centros que hai no noso país son competencia da Xunta de Galicia, xestionados a través de subcontratación a entidades privadas. Noutras comunidades hai convenios subscritos entre a administración autonómica e os bispos correspondentes, coa finalidade

de facilitar a asistencia relixiosa dos menores, e nisto estamos tamén a traballar en Galicia.

Que se entende por “menores”; neste caso?

A Lei do menor permite o castigo aos mozos/as con catorce anos cumpridos, ata que cheguen á maioría de idade. Pero os menores de catorce anos que cometen un delito, aínda que non sexan condenados a medidas penais, poden ter responsabilidade civil polos actos cometidos, e os pais/nais/titores serán responsables solidarios.

Como chegan a estas situacións? A familia? Os barrios? O paro? Os malos tratos? Problemas mentais?

Os informes sinalan varias causas entrelazadas, que desembocan en internamentos xudiciais: económicas (pobreza, paro), culturais (falta de asunción de responsabilidade en educar os mozos/as, dependencia de alcohol ou drogas), sociais (marxinación, exclusión social, falta de apoio familiar), psicolóxicas (condutas antisociais dos menores, fracaso escolar), biolóxicas (trastornos psíquicos). Unha porcentaxe significativa dos menores implicados en feitos delictivos procede de sectores empobrecidos, porcentaxe que se dispara en

moitas das actuacións “legais” en nome da seguridade dos menores, son lesivas para os seus dereitos



menores sancionados con medidas privativas de liberdade.

Acheguémonos a un centro de menores. Como funciona?

O funcionamento dos centros, en xeral, responde a modelos nos que predomina o control e a seguridade sobre as relacións educativas e as necesidades individuais. A rixidez dos protocolos e horarios dos menores no centro, as entradas e saídas, o curso das propias actividades e mesmo as relacións cos profesionais que alí traballan poden chegar a dificultar a propia acción educativa e reformadora.

Quen ten a concesión? Como se supervisan?

A Administración delega en entidades do terceiro sector a xestión dos centros de execución de medidas xudiciais. En Galicia hai convenios con dúas das fundacións de ámbito estatal que se foron especializando nesta materia. En canto á inspección, a competencia é da Dirección Xeral de Familia e Infancia da Xunta de Galicia, pero as Fiscalías de menores teñen a obriga de exercer funcións de vixilancia, e tanto elas coma os Xulgados de menores poden inspeccionar as actuacións nos centros. Tamén o Valedor do pobo ten acceso, fai visitas e propón medidas, denunciando situacións inxustas ou ilegais.

Houbo queixas, acusacións de ocultismo, de invisibilización e de illamento total do menor. Mesmo de malos tratos e de non escoitar. Métodos de tipo militarista e non educativos. Tamén se falou de aforro con persoal pouco cualificado, traballo moi estrechado, con normas da empresa leoninas...

As xeneralizacións adoitan ser inxustas, non obstante hai procedementos estandarizados no trato cos menores infractores, como rexistros, cacheos e supervisión que pode atentar á súa intimidade ou un protocolo de ingre-



so que permite un illamento excesivo. Moitas das actuacións “legais”, incluso invocando a seguridade dos menores, poden ser experiencias lesivas para os seus dereitos, proba disto son as denuncias ou queixas formais. Todo isto, unido ás rebaixas económicas das distintas administracións, os horarios, a elaboración burocrática de informes ou o estrés derivado do contacto cotián con menores, conduce a confirmar que non se dan as circunstancias idóneas para unha axeitada actuación educativa.

Cúmprese, logo, a misión de reeducación, reinserción e resocialización?

cando predomina o regulamento, favorecemos a domesticación pero non a educación

Non é doado valorar globalmente a acción educativa nos centros de menores, dada a súa diversidade. Coido que o efecto perverso do uso e abuso do control e da seguridade prexudica significativamente o efecto educativo e o ambiente resocializador. Só a persoa pode chamar á transformación doutra persoa: cando as relacións humanas e educativas se dilúen e o regulamento domina a vida de cada un,

favorecemos a adaptación e pode que a domesticación, pero en ningún caso a educación. Isto só é corrixido pola profesionalidade dos educadores e persoal técnico que, mesmo pouco valorados polas institucións e dirixentes, pode humanizar certos procesos e costumes; sen eles a reinserción sería imposible.

A onde volven? Quen os tutela, acompaña, atende e axuda?

Os menores volven á súa realidade social e familiar; mesmos problemas e iguais dificultades que antes do internamento, o que fai que as melloras ou cambios conseguidos sexan insuficientes para regresar a ambientes

de delincuencia. Certo é que se ofertan servizos e axudas no formativo e psicolóxico, pero ao ser voluntarios dependen do interese da familia e do menor. Mesmo cando a saída do centro leva un período de liberdade vixiada para facilitar un seguimento e acompañamento educativo na reinserción, a falta de tutela e acompañamento real é clamorosa.



Que responsabilidade temos, como sociedade? Que experiencias hai? Que podemos facer nas comunidades cristiás?

Responsabilidade hai moita. Non hai vontade política de poñer recursos e servizos para fomentar a educación non violenta nos ambientes familiares e sociais. Tamén as persoas e comunidades temos responsabilidade de educar en valores humanos e en liberdade plena á mocidade, e podemos facelo incluíndo a estes menores en moitas tarefas escolares, laborais, de ocio, etc. Ser unha oportunidade para eles e darlles o máis valioso que temos: unha mirada que non xulga, exenta de prexuízos e descualificacións. Hai unha resposta institucional da igrexa, pois vaise tutelando o dereito á asistencia relixiosa dos menores internos, como no sistema penitenciario, coa figura de capeláns, que son referencia de humanidade e de fe para os mozos. Estanse a abrir camiños de comunidades que abren as súas casas a mozos e mozas con traxectoria delituosa, experiencias de inserción laboral en empresas sociais que dan novas oportunidades ou centros escolares que acollen a mozos con máis problemas.

Tamén ten que haber experiencias gratificantes das de bo proceder. Incluso con éxitos.

É posible humanizar os recursos: garantir un espazo de custodia sen necesidade de estruturas deshumanizadoras, ou recibir cordialmente a un menor traído esposado pola policía, ou facerlle sentirse valioso e importante. O sistema penal de menores presenta respostas que xeran vida, que recuperan persoas para unha sociedade que non se pode permitir prescindir de ninguén, e moitos menores poden falar dun cambio de vida. Hai iniciativas educativas positivas previas ou posteriores a estancias en centros de internamento, como as promovidas pola Fundación Amigó (“amigonianos”), agora na Cidade dos rapaces de Arteixo, que está a traballar con éxito en grupos educati-

vara, perdoarse e reconstruír a relación afectiva.

Moitísimas grazas, Fredi. Seguiremos contando contigo en moitos campos do teu compromiso humano, profesional e cristián

Como xa che dixen nunca nada é obra exclusiva dunha soa persoa. Quero agradecer precisamente a José Antonio Morala Salamanca, “amigoniano”, que está agora en Arteixo e que leva xa moito tempo en centros de internamento, e que inspira boa parte do que aquí che fun comentando. Quero expresarlle gratitude. E que fique coma un referente próximo a nós, entre nós, porque a problemática é importante. É un sector de persoas moi vulnerábeis. Precisamos visibilizalas e facérmonos presentes con respecto e solidariedade afectiva, empática e efectiva. Como se di nos libro

“Acordádevos dos maltratados, xa que tamén vós tendes corpo” (Fe. 13.3)

vos de convivencia especializados en menores con delitos de violencia filio-parental, onde familias feridas por experiencias de agresións e vexacións logran resituarse, volverse mirar á

dos Feitos, “Acordádevos dos presos, coma se vós mesmos estiverdes presos xuntamente con eles; e dos maltratados, xa que tamén vós mesmos tendes corpo?”



Utopía de coresma

“Tedes oído que se vos dixo: Olo por olo e dente por dente. Mais eu dígovos: non devolvades mal por mal, a quen te obrigue a camiñar con el una milla, acompañao dúas”

(Mt.4,1-11)

“A espiral do ben”



Se queres facer as paces co teu inimigo, tes que te poñer a traballar con el.

Daquela vaise convertendo no teu socio.

(Nelson Mandela)

Christina Moreira apareceu na prensa, falando do que fai. Anima e celebra a eucaristía nunha pequena comunidade de base da Coruña. E o arcebispado reaccionou mediante un comunicado, dando resposta “a las declaraciones de una señora que dice celebrar la eucaristía en la ciudad de A Coruña». O argumento de autoridade, que invoca a Xoán Paulo II, é coñecido: “La presidencia de la celebración sacramental no es un ministerio que Cristo haya entregado a las mujeres”



Quero responder

Engracia Vidal

Quero responder o escrito do señor arcebispo de Santiago, e máis a Don Segundo Pérez no seu comentario á ordenación de Christina Moreira.

É verdade que Xesús non ordenou mulleres... pero tamén é verdade que tampouco ordenou homes, polo menos no senso, forma e condicións que o facemos hoxe. Todo foi obra da igrexa que na Historia tivo o poder de estruturar os elementos que permitiron e permiten levar a cabo a obra de Xesús. E mesmo foi facendo cambios que, sendo moi chamativos, considerou necesario. Un só exemplo: durante séculos permitiu a escravitude, e chegou un momento no que, cando lle pareceu que a sociedade tiña capacidade para asumilo, a prohibiu para os seus fieis.

A muller no século I non podía exercer o papel de representar a Xesús. Soamente se lle podía permitir ao

home. Ese mesmo poder é o que ten hoxe a igrexa para ir asumindo o desenvolvemento da sociedade e o novo papel que representa a muller. E só na medida en que o asuma e o desenvolva será fiel ao seu fundador. Recordemos a Paulo. “*E todo iso de xudeus e gregos, de escravos e libres, de homes e mulleres, todo iso acabou, pois sodes coma un só en Cristo Xesús.*” (Gálatas 3,28)

Hoxe non podo dicir: “eu non son ninguén para opinar”, non. Como persoa, aínda que sexa muller, podo e debo opinar. Como bautizada, e polo tanto cristiá, podo e debo opinar. Como preocupada pola miña formación humana e teolóxica, podo e debo opinar.

Lamento que os homes que gobernan a igrexa non recoñezan esta realidade e que, en pleno século XXI, nos sigan considerando suxeitos de “segunda clase”. Sen capacidade de opinar e colaborar nas decisións da Igrexa.

Non se decatan os señores bispos de que no século XXI a muller, en canto á súa función na sociedade, ten as mesmas posibilidades ca o home, e que só depende da súa preparación e competencia, non do seu sexo? É tan difícil de entender e de poñelo a andar? A quen se está prexudicando? Certamente a muller, pero sobre todo a mesma igrexa-institución que aparece como discriminadora cos seres que non naceron varóns. É isto verdadeiro cristianismo?

O argumento de que Xesús non o fixo, non nos serve. Xesús só podía facer o que a sociedade na que el viviu podía comprender e practicar. A evolución humana foi, é e seguirá a ser. A fe fainos ver a Deus nesta continuidade da súa creación.

Por favor, señores masculinos, abran os ollos e miren...!

Xesús non ordenou mulleres... pero tamén é verdade que tampouco ordenou homes

Querida Sophia

Ti Presente, Guía Agochada e Luminosa (1 Co 2,7). Permíteme falar a voces contigo, non como fago sempre, perdéndome nas corredeiras de silencios que levan aos nosos encontros segredos... Ti sabes todo de min e de todo, mais preciso falar.

Recóllome en ti, diante de ti, no teu colo, como adoito facer. As miñas mans, instintivamente van dar ao meu

Herdamos a historia, os pecados e a gloria, a música e os berros das queimadas vivas

ventre, como preñada pesada que sabe que ten que soltar a criatura, guste ou non. Dáme azos sentir que non é algo meu, que vén das galaxias e do vento de calados silencios dos grandes desertos, e aí mesmo reúno os recordos. Lembro as risas como de cóxegas, doutras horas, a luz albeada dos encontros e a tenrura, e matino se será hora de abrir unha porta e partillar. Direilles que me chamaches ti, como chamas a tantas, a tantos, a toda a familia? Que non calas, que non cansas de recrutar para o teu plan, invitados e invitadas para a festa e tamén persoal que sirva as mesas? Direilles que so pedía un mantelo... Mais pasou moito tempo desde o primeiro convite, abríñ o cofre da herdanza cunha chave seica roubada, lavei as roupas, saqueinas ao sol e declaro que nós, mulleres, non as manchamos, non, e as manchas non só son de viño e po... Herdamos a historia, os pecados e a gloria, a graza e a miseria, a música e os berros das queimadas vivas. Todo é noso, non só o armario das vasoiras e os floreiros.

O que máis me custa non son as críticas, aínda que as hai moi feras, non son os argumentos teolóxico-bíblico

-hermenéutico-machistas e pobres, non son as feridas falantes que cospem mofas, rabia, ignorancia, envexa,... e me falan de sufrimentos humanos fondos e traballo por facer... Iso non, iso vai ser cousa de remangarse. Doe, doe moito, pero contaba con iso.

Boto a tremar só por unha cousa que poucos imaxinan e só unha amiga mencionou. Eu non podoo, a miña


estirpe feminina, a metade da divina prole non debe servirte na mesa nin falar no teu nome porque ti así o dispuxeches. Xesús non chamou a mulleres a servir súa mesa... disque. Será que os centos delas, e pode que mais, que foron chamadas por el, ao longo dos séculos e milenios foron chamadas polo demo para servir a Deus (a quen me recorda isto?). No é certo que estea a abrir eu novos camiños, houbo tantas... En troques, todos aqueles que, dotados de membro viril *fetén*, oíron (e non vou ser eu quen o dubide) a túa voz e responderon son heroes consagrados potenciais, camiño de seren santos. Perdoa mais hoxe desbordo diante de ti e póñote de testemuña, Bendita Sophia, Presenza Divina, Guía das miñas noites e días...

Mergúllome na noite dos tempos, bato ás ata Nazaré e observo como a túa naiciña, a que te pariu, a única con dereito a dicir, desde sempre e para sempre, "isto é o meu corpo, isto é o meu sangue" puxo a mesa para ti, e aprendeu a comer a sopa e partir o pan. E non me podoo negar, coma ela respondo, cada día, "aquí estou, que mandas? Eu son a túa mandada"

Nin mellor nin peor que o resto, da mesma masa humana ca ti meu Deus con esas dúas omoplatas que cargan con calquera camiño de Xerusalén, pasando por Samaría, se non lle dan as pernas para máis ou lle doe moito a alma.

Preguntan como estou... declárome namorada, culpable de obediencia contumaz, acúsome de ter deixado as redes un bo día (perdón, a fregona) e ter botado a correr para non perder máis tempo, definitivamente engaiolada do aire mareiro e dos trebóns dos teus mares, sempre que vaias ti na lancha. Non hai volta atrás, xa non se ve a praia. Creio na paz das verdades. Confeso que levei áncoras e non quero irme da lingua pero imos moitas... Non vou soa e sei quen son. Vémonos en Dalmanutá.





Desde a Rede Galega de Apoio ás persoas Refuxiadas lanzamos hai uns días esta campaña, pois é necesario resolver con urxencia a situación destas persoas en campamentos en Grecia e Turquía, nos que están morrendo de frío, sen unha xustificación lóxica por parte das autoridades competentes.

Esiximos que se cumpran inmediatamente os compromisos de acollida e reubicación de persoas refuxiadas acordados polo Estado Español ante a UE.

Tamén exisimos a anulación do acordo entre a UE e Turquía de todos os tratados que, do mesmo xeito, supoñen a vulneración dos dereitos humanos das persoas.

Podes asinar no seguinte enlace:

https://www.change.org/p/mariano-rajoy-rachemos-fronteiras-galicia-terra-de-acollida?recruiter=20547567&utm_source=share_petition&utm_medium=email&utm_campaign=share_email_responsive

Revista Semestral de Crónicas Galegas
IRIMIA
Mulleres curas
Faise visible o que
-debería- ser normal



EDITA: Asociación A. IRIMIA

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobbarrio (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medin, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López, Manolo G. Turnes.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓN EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓN: Apdo. 296 - 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / subscripción@asociacion-irimia.org

Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 650 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.xhtml>



Boa Nova



Eu son a resurrección e a vida...

No Evanxeo de hoxe recordamos unha escena que so aparece no relato de Xoán, pero que ten unha importancia moi significativa para a comunidade que el representa. Aínda que no centro do relato aparece Lázaro, Marta e María van ser quen conduzan a narrativa.

As dúas mulleres envían a chamar a Xesús para que se achegue a ver o seu amigo enfermo (Xn 11, 3). Marta, cando escoita que o Mestre está chegando a súa casa sae o seu encontro, e no diálogo con el, fai unha das confesións de fe máis importantes do evanxeo (Xn 11, 24-27). Son as dúas irmás as que coas súas preguntas, nas que reflectían a súa dor, realismo pero tamén confianza no seu amigo, van acompañando a Xesús ata o lugar no que puxeran a Lázaro. A súa casa será un lugar privilexiado de encontro co Mestre para outros e outras (Xn 11, 45). Deste, xeito, elas, amigas e seguidoras de Xesús, móstranse no relato como paradigmas do proceso de fe en **él**.

O camiño de encontro co Señor resucitado, no foi doado para as primeiras comunidades pois, ante a novidade da experiencia da Pascua, necesitaban novas palabras que lle axudaran a formulala e a transmitila a outros/as. O texto de hoxe mostra, da man de Marta e María, ese camiño de fe formulada e vivida. A resurrección de Lázaro, mais aló da súa historicidade, visualiza e concreta a certeza de que no encontro co Xesús resucitado ábrese tamén a fe e a esperanza na vida eterna para todas e todos (Xn 11,25-26).

Carme Soto

Revivir... saír do sepulcro da banalidade e do ir tirando componendo imposibles remendos para ir quedando ben en todas as fronteas con cara de cartón e mirada sen fenda.

Si, o sepulcro é un aparello ingrato que decoctío, moe vidas, corazóns, soños e profecías e cospe serraduras a cambio...para tapar no chan as babas do mal e a ignorancia... cinsa das urnas que regalan no crematorio.

Saír do sepulcro de calar sempre, tragar sempre, finxir que todo vai ben, que o mundo ten orde e senso, darlle máis pulo ao caos, dentro e fóra.

Saír do maino ruído da máquina do cotián que se traga as nosas vidas como o aparello de radio tragas as pilas e por riba non transmite ben o concerto.

Saír do sepulcro das mentiras e das medias verdades, quitar a camisa e o chaleco antibalas, queimar a careta, rachar as muletas. Amosar a plena luz o que vai por dentro, o que merece a pena, o tesouro agochado... por nada, así, para regalalo con sorriso aberto e xunguir a miña luz á túa, na procura do Sol de todas as luces... e respirar como respira o mar. Deixar de sobrevivir. Resucitar!

Christina

O ECO

DOMINGO 2 DE ABRIL. V de CORESMA

A PALABRA. Xn 11, 1-45

Naquel tempo, Lázaro de Betania, da aldea de María e da súa irmá Marta, caera enfermo. María fora a que unxira ao Señor con perfume e lle enxugara os pés cos seus cabelos; o seu irmán Lázaro era o enfermo. Por iso, as irmás mandaron a dicirlle a Xesús: «Señor, mira, o que amas está enfermo.» Ao oílo, dixo Xesús: «Esta enfermidade non é para a morte, senón para a gloria de Deus, a fin de que por ela se glorifique o Fillo de Deus.» (...)

Cando chegou Xesús, atopouse con que Lázaro xa levaba catro días no sepulcro. Betania estaba preto de Xerusalén, a uns tres quilómetros: moitos dos xudeus foran onda Marta e María para lles daren o pésame polo irmán. Cando oíu Marta que Xesús estaba chegando, saíulle ao encontro. María, en cambio, quedou na casa. Díxolle entón Marta a Xesús: «Señor, se ti estiveses aquí, meu irmán non morrería; mais eu sei que, aínda agora, Deus che concederá calquera cousa que lle pidas.» Xesús díxolle: «Teu irmán resucitará.» Marta respondeulle: «Ben sei que resucitará na resurrección, no día derradeiro.» Díxolle Xesús: «Eu son a resurrección e a vida. Quen cre en min, aínda que morra, vivirá; e todo o que vive e cre en min, non morrerá endexamais. Cres ti isto?» Ela respondeu: «Si, Señor: eu creo que ti es o Cristo, o Fillo de Deus, que había de vir ao mundo.» (...)

A CLAVE

A PALABRA

Falando da lingua Tragar con rodas de muíño

Lidia e Valentina



O outro día atopamos unha traballadora dunha empresa galega que nos contou a anécdota de cando o seu xefe, vido de fóra de Galicia, lle preguntou por que razón non respondía en galego ao teléfono, cando el vía que coa compañeira de mesa sempre falaba esta lingua. “Entón agora xa respondes o teléfono en galego?” -preguntámoslle! “Ai, non!, que eu galego non sei!” -contestou. Así mesmo nolo dixo, con esas palabras.

É que a falta de uso do galego nas empresas por parte da clase traballa-

dora non sempre se debe a un xefe que só quere oír a lingua cervantina. Tampouco á necesidade de enviar todos os documentos da empresa para fóra de Galicia. Todo precisa dunha explicación máis complexa.

A nosa pregunta é se a están buscando desde o órgano responsable: A Secretaría Xeral de Política Lingüística. Lemos hai meses que veñen de redactar un Plan que seica busca “dinamizar” a lingua galega no tecido económico. En agosto aprobouse e no setembro pasado saíu a noticia pola prensa de que había reunións de traballo para seguiren directrices aprobadas no Plan Xeral de 2004. E...? E máis nada polo momento. Ou si, máis castelán nas empresas, a onde cada vez chegan menos galegofalantes.

Estabamos esperando a ver como repercutía o devandito Plan no ámbito do ensino, porque os que mamaron o galego non queren ou non poden usalo e os novos (das zonas semiurbanas e urbanas, as máis poboadas) teñen, cada vez, menos competencia na oralidade e pouca formación específica. O Decreto do Plurilingüis-

mo di no papel que na formación profesional ten que haber un 50% de aulas en galego. E de certo que se se miran os papeis, han aparecer a metade, ou case, de módulos que teñen asignada a lingua galega. E, se cadra, mesmo hai profesorado que usa esta lingua nalgunhas materias, pero... con que materiais didácticos se imparten as aulas? Con algún escasísimo que prepara o profesorado de boa vontade, porque a maioría brilla pola súa ausencia. Se esperamos que co aprendido nas aulas de lingua galega da ESO (único reduto en moitas zonas urbanas de contacto coa lingua), futuros profesionais que van ir traballar en comercio, educación infantil, mecánica, atención á dependencia, fontanería, electricidade, estética, informática, chapa e pintura e un longo etcétera poidan exercer a súa profesión en galego de xeito normal, imos aviados!

Na formación en galego en todos os ciclos de Formación Profesional tería que pensar calquera Plan que busque normalizar o ámbito empresarial. No caso contrario, temos fume.

O Fachineiro dos ricos

Contos e contas

Hai uns días celebrouse a quinta edición do Certame Atlántica de narración oral, esta edición especialmente atlántica, con representantes da Madeira de dos Azores. O caso é que o festival lembroulle ao fachineiro un monólogo dun dos nosos mellores contadores, Carlos Blanco. Nunha actuación súa en Barcelona, díxolles aos cataláns que os galegos iamos conseguir a independencia antes ca eles. Logo de calcular a débeda de cada galego e de cada galega, o único que había que facer era convencer a Amancio para que sacase a carteira e lle dixese ao goberno central “Canto se debe aquí?”. Pero non parece o antedito es-



tea polo labor de soltar máis do estritamente necesario para desgravar a través dunha fundación. E resulta difícil entender para que serve o diñeiro cando un deixa de ser quen de contar os ceros que ten nunha conta. As comparacións son odiosas pero entretidas. Por iso chama a atención a doazón altruísta do matrimonio Tompkins (que fixeron fortuna coas marcas de roupa The north face e Esprit) ao estado chileno: 400000 hectáreas de bosque que compraran coa única condición regalalo con tal de que se convertan en parque natural. Que ben nos virían un rico destes para salvar carballeiras, soutos e ríos. Pero deses hai poucos..

A.Q.